

# 120 PULSACIONES POR MINUTO

[Robin Campillo, 2017]

# 331

ESTREA EN NUMAX: 19.01.2018 | V.O.S.E. | +16

*120 battements par minute* (2017, 143')

**Dirección:** Robin Campillo

**Guión:** Robin Campillo, Philippe Mangeot

**Elenco:** Nahuel Pérez Biscayart, Adèle Haenel, Yves Heck, Arnaud Valois, Emmanuel Ménard, Antoine Reinartz, François Rabbette

**Son:** Julien Sicart

**Montaxe:** Robin Campillo, Stephanie Leger, Anita Roth

**Vestuario:** Isabelle Pannetier

**Dirección de arte:** Julien Aubinet, Quentin Millot

**Música:** Arnaud Rebotini

**Fotografía:** Jeanne Lapoirie

**Produtoras:** Les Films de Pierre (Francia)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Francés

## FILMOGRAFÍA

*Chiscos del Este*, 2013

*La resurrección de los muertos*, 2004

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (Gran Premio do Xurado, FIPRESCI e Queer Palm), Lux Prize 2017 (Finalista), Donostia 2017 (Perlas), Oscars 2018 (Candidata por Francia), Premios do Cinema Europeo (Mellor montaxe), Spirit Wards (Nomeada a mellor película europea)

## SINOPSE

Principios dos 90. Mentres a SIDA leva case dez anos matando, os militantes de Act Up-Paris multiplican as accións para loitar contra a indiferencia xeral. Recén chegado ao grupo, Nathan quedará conmocionado pola radicalidade de Sean, que consume as súas últimas forzas na acción.

«Unha proposta apaixonada e desafiante sobre activismo e sida nos 80. Tráxica, urxente e chea de vida cinematográfica»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN ★★★★★



# 120 PULSACIONES POR MINUTO

[Robin Campillo, 2017]

EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “No Act Up traducíamos a palabra política en acto”

Entrevista con Robin Campillo

Por Jean-Philippe Tessé

**Vostede foi militante do Act Up na época na que está emprazada 120 pulsacións por minuto. Escríbichela a partir dos teus recordos?** Partín dos meus recordos mais todo o contido das asembleas xerais do movemento foi consignado. Consultei os documentos relativos aos laboratorios para non dicir parvadas, mais o meu filme é un obxecto de cinema, non un obxecto histórico. Era importante conservar certa ignorancia pola miña banda que permitise chegar a outra caste de saber, un saber humano, a mala fe por exemplo.

**Que o levou a optar por esa construción en dúas partes, primeiro as asembleas e logo a agonía de Sean?** Ao comezo da escrita partín dunha mala idea, unha estrutura en flash-back que arrancaba coa preparación da xiringa para logo nos levar ao pasado. O filme pertence tanto ao presente que esa opción non tiña ningún sentido. Abrir o filme con alguén a dicir «benvidos ao Act Up», era unha idea moito máis sorprendente e sa. O filme contén, cando menos, unha pedagogía, e non foi até hai pouco que me decaté da necesidade de explicar o que é o Act Up. Comeza por unha escena moi violenta, bastante inescusábel, e pouco a

pouco decatámonos da lexitimidade desa escena. Cómpre lembrar que Act Up era ao comezo unha asemblea deliberativa. Había unha conciencia moi forte da forza política da palabra e nese sentido é interesante velo desde hoxe, cando a palabra política se converteu en algo extremadamente feble e reducida a unha verborrea infinita. Chegamos ao grupo logo dunha epidemia terríbel e hai unha liberación da palabra que crea un real posíbel. Conseguimos sempre traducir a palabra política en acto, algo moi importante. É fascinante ver como se elaboraba todo durante os debates. E de que maneira o íntimo agromaba no medio do grupo.

**Hai certo goce e certo humor negro que negan a idea da militancia como unha forma de compromiso ameazada pola seriedade e o dogmatismo.** Act Up era un grupo moi gozoso, é a alegría a que facía forte o grupo. A xente estaba moi feliz de encontrarse e de poder conter a epidemia, mesmo cando ás veces rexurdía de maneira bastante brutal. A primeira vez que asistín a unha reunión paseino tan ben que me preguntei onde estaba a enfermidade. Cando atopamos un slogan do tipo «este pode ser o meu último Orgullo Gay», a nosa primeira reacción era de risa. Queríamos sobrevivir e iso pasaba por saír, bicarse, pasalo ben, non por ter emprego e vivenda. Tiñamos un incríbel pracer pola vida. O que me interesa na figura do militante é a maneira na que a xente se reinventa a través dela.

**Iso pasa pola experiencia en grupo. A escena logo da acción no laboratorio**

**na que se atopan no metro é case máis forte cá escena de acción.** Temos a impresión de que os personaxes nunca se despiden, e é algo que sentía naquela época. O monólogo de Sean é irónico, cando di que o mundo é máis fermoso coa doenza, mais tamén hai algo de verdade. Esas son as escenas que máis me tocan. Tamén me gusta mostrar como nesas accións xogabamos coa cólera.

**Moitos dos teus actores tiveron unha formación clásica no teatro, era algo buscado pola túa parte?** Si, varios deles foron ao Conservatorio. Quería actores sólidos porque as técnicas para o tratamento dos textos militantes eran complexos de expresar. A miña inquedanza polas escenas da Asemblea Xeral era que lembrase á Asemblea Nacional, con xente que se agocha tras a indignación. Cumpría tamén que os actores fosen un pouco tolos sen que eu o provocase de xeito artificial. Xa me enfrontara a todos estes problemas en *La resurrección de los muertos* (2012) mais no terreo do fantástico, era terríbel que os actores se risen ou tivesen pudor ou medo da fantasía. Así que nese filme contei con Catherine Samie, que interpretara dez obras de Shakespeare. Aí comprobei a importancia de contar con actores sen medo escénico. Porque en grupo a xente actúa ante un público. Hai cando menos un cento de persoas nesas asembleas. Cómpre saber manter a voz, interpretar.

Publicado en Cahiers du Cinéma, setembro 2017  
Tradución: Xan Gómez Viñas

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónatete  
e ven sempre  
por 4,5€**

**Faite  
NUMAX!**